

XIX FESTIVAL INTERNACIONAL

DE JAZZ E BLUES

PONTEVEDRA
2011



XIX FESTIVAL INTERNACIONAL

DE JAZZ E BLUES

PONTEVEDRA
2011

O **Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra** chega á súa décimo novena edición, consagrado xa coma un referente da mellor música en directo de jazz e blues do noroeste da península. Novamente reunimos na Ferraría a intérpretes de jazz e de blues, cantantes e instrumentistas, que xunto cos concertos previos da Praza do Teucro, a tradicional actividade docente do “Pontejazz”, a música itinerante pola rúa, e as “jam sessions” para os máis noctámbulos, conforman o programa do que xa é unha das citas clásicas do verán pontevedrés, ineludible para os afeccionados ao xénero, de dentro e fóra de Galicia.

Máis información: www.jazzpontevedra.com

Coordinador Festival Internacional: José Antonio Ortiz
Relacións coa Prensa: Alberto Lastres. Tel. 687 94 73 54
Coordinador Ponte jazz: Luís Carballo. Tel. 679 45 41 66

VENRES 22 XULLO ÁS 22:30 H.
PRAZA DA FERRARÍA

Randy Brecker / Bill Evans Soulbop, con Medeski, Martin & Wood



Randy Brecker: trompeta
Bill Evans: saxos e teclado
John Medeski: teclados
Chris Wood: baixo
Billy Martin: batería

En 2003 o virtuoso da trompeta Randy Brecker e o saxofonista Bill Evans formaron “Soulbop”, unha experiencia musical única que combinaba elementos do funk, o jazz, o soul e o blues. O resultado foi unha banda de músicos estrela que podían tocar todos eses estilos e virtualmente calquera outro tipo de música ao máis alto nivel.

A formación está integrada, por unha banda, polo gañador de catro premios Grammy Randy Brecker, destacado trompetista que explorou os sons do jazz, do Rythm&Blues e do rock durante máis de catro décadas, e cuxas interpretacións á trompeta puidéronse escoitar en álbums de artistas como James Taylor, Bruce Springsteen, Frank Sinatra, Steely Dan, David Sanborn ou Frank Zappa.

Por outra banda, está o saxofonista Bill Evans, que se caracterizou polas súas incursións no jazz, o funk, os sons brasileiros, o reggae e o hip-hop durante máis de vinte anos, baixo a inspiración de músicos como Miles Davis, John McLaughlin, Herbie Hancock, Lee Ritenour, Mick Jagger e moitos outros.

Xuntos crearon “Soulbop”, un supergrupo en constante evolución que, ao longo da súa existencia, contou coa participación de artistas invitados como Steve Lukhater, Robben Ford, Darryl Jones, Rodney Holmes, Richard Bona, Steve Smith, Victor Wooten, Bela Fleck ou Dennis Chambers, entre outros.

En 2011 o grupo volve de novo á escena cunha moi especial colaboración coa aposta musical de Medeski, Martin & Wood. Este trío aglutina unha inclasificable mestura de jazz, funk, “avant-noise” e, en menor medida, outras correntes musicais. A liberdade aos teclados de John Medeski, as cargas de profundidade ao baixo de Chris Wood, e os ritmos bailables que á percusión marca Billy Martin, conxúganse nun só organismo que se move gracilmente entre as composicións ben definidas e as máis expansivas improvisacións. Cando Medeski se propón describir as sensibilidades musicais do trío, sempre utiliza dúas palabras: “totalmente abertas...” Este é o espírito da aventura musical que os tres perseguiron durante dúas décadas.

“Soulbop” (Brecker e Evans) encabezou os carteis de incontables festivais, sobre todo en Europa. Durante a súa xira de 2006 o grupo gravou un dobre CD en vivo que se titulou “Soulbop Live”. Agora, recentemente retornados da súa xira asiática, volven á carga con Medeski, Martin & Wood, nun proxecto atípico enormemente atractivo para o público e, a bo seguro para eles mesmos. Ao longo do espectáculo mostrarán de que son capaces, nunha posta en común que conxuga no escenario conceptos e inquietudes que se xa por separado son orixinais, en conxunto crean un son verdadeiramente único e singular para deleite do privilexiado público.

SÁBADO 23 XULLO ÁS 22:30 H.
PRAZA DA FERRARÍA

BOBBY RUSH



Bobby Rush: voz/harmonica
Loretta Wilson: bailarina
Shakila Waldington: bailarina
Bruce Howard: batería
James Lewis: teclados
Arthur Alexander Cooper: baixo
Dexter Allen: guitarra

A noite dedicada ao blues estará a cargo dun clásico: Bobby Rush.

Nacido como Emmit Ellis Jr. o 10 de novembro de 1940 en Homer, Louisiana, Bobby Rush (optou por este nome artístico por respecto ao seu pai, pastor evanxélico) converteuse nunha lenda viva do blues cun estilo único que el mesmo chamou "Folk Funk".

Empezou como cantante de blues estilo Chicago, pero pronto se abriu camiño cunha mestura de blues e soul provisto dun toque persoal diferenciador. En 1971 marcou un fito cun "single" titulado "Chicken Heads" que foi un éxito instantáneo. A

este, seguíronlle outros moitos baixo o parugas de "Jewel Records", como "It's Alright", "Bow-Legged Woman, Knock Kneed Man" ou "She's A Good'Un". Dende un principio marcou estilo con esa persoal combinación de blues, funk e folk, que desde "Jewel Records" o levou ata "Warner Brothers" e de aí á discográfica "Philadelphia International Records".

En 1982, Rush, convertido xa nunha verdadeira figura da música sureña, asinou con "LaJam Records", radicada en Jackson, Mississippi, coa que editou cinco álbums, un dos cales continúa o auténtico "hit" titulado "Sue". Pero foi en 1995 cando Bobby atopou o seu verdadeiro fogar musical na discográfica "Waldoxy", coa que gravou "One Monkey Don't Stop no Show", disco que tivo dúas candidaturas para os "W.C. Handy Awards". Ademais, os críticos especializados outorgáronlle ese mesmo ano outro galardón: o de Mellor Intérprete en Directo.

En 1996 e 1997 conseguiu o "Real Blues Magazine Award" como Mellor intérprete en Directo de Soul/Rythm&Blues. A todos estes recoñecementos sumouse que o seu traballo titulado "Hoochie Mama" tivera varias candidaturas aos premios Grammy do ano 2000.

Tras abandonar "Waldoxy", 2003 foi un ano que marcou outro punto de inflexión na súa carreira, xa que protagonizou o documental titulado "The Road to Memphis" de Richard Pearce para a PBS (a televisión pública estadounidense), dentro da serie titulada "The Blues", concibida e producida por Martin Scorsese. Ademais, nese mesmo ano apareceu a súa propia marca discográfica: "Deep Rush", coa que editou catro excelentes discos. O último deles leva por título "Show you a good time" e publicouse recentemente, en 2011.

Gravou máis de vinte discos na súa xa moi longa carreira musical, e colaborou con algunhas das máis selectas figuras do blues e o soul, como por exemplo o histórico Elmore James, a quen empezou a acompañar nas súas actuacións sendo un adolescente e provisto dun bigote falso que o facía parecer maior de idade, xa que, doutro xeito, lle impedirían actuar nos clubs do Sur de Estados Unidos por onde se desprazaba a banda.

"Muddy e Howlin' Wolf influíronme pola súa presenza no escenario. B.B. King influíume como artista. Louis Jordan como compositor. Little Walter polo seu xeito de tocar a harmónica e Ray Charles polo seu xeito de entreter", confesa Rush cando fala dos seus mitos e mestres.

Os seus directos están marcados por un destacado instinto vovilesco. Sobre o escenario é un auténtico "showman", pero ademais a súa destreza compoñendo soborda de enxeño, facendo as delicias dos afeccionados ao blues máis esixentes.

DOMINGO 24 ÁS 22:30 H.
PRAZA DA FERRARÍA

JOSÉ JAMES



Jose James: voz
Grant Windsor: piano e teclados
Richard Spaven: batería
Chris Smith: baixo

Nacido e criado en Minneapolis, José James creceu escoitando a Prince, oriúndo desa mesma cidade, pero tamén hip-hop e Modern jazz. Pronto descubriu a súa paixón por estes dous estilos de música e tamén a súa creatividade como compositor. Xa moi novo empezou a actuar por toda a cidade, cantando tanto standards de jazz como composicións orixinais súas, e versionando os traballos de John Coltrane co seu cuarteto. Converteuse en membro dunha innovadora vangarda que combinaba nas súas actuacións o jazz e a poesía, e que deu en chamarse "Ancestor Energy". A partir dese momento, José estaba determinado a dedicar a súa vida á música, á comunidade e á unión espiritual, segundo el mesmo explica sempre que pode.

Máis tarde trasladouse a Nova York para acudir á "The New School for Jazz and Contemporary Music". Os seus mentores nesa academia foron o lendario batería Chico Hamilton e o pianista Junior Mance. Gravou con ambos e aquí atopou tamén aos que formarían a súa primeira banda e o acompañarían na súa primeira xira e no seu álbum de debut, "The Dreamer" (2008).

Concibido baixo moi diversas influencias, "The Dreamer" foi un éxito para a crítica internacional. Grazas a el, logrou actuar en eventos como o "North Sea Jazz Festival" ou o "Billboard Live Tokyo", e en lugares tan emblemáticos como o Museo Ermitage ou o Central Park neoiorquino. "The Dreamer" alcanzou o posto 21º entre os mellores 50 álbums de jazz do 2008 para os críticos da revista JazzTimes (nada mal para un primeiro traballo).

O seu seguinte disco "Blackmagic" (2010) exploraba mundos subterráneos e foi producido por Flying Lotus, Moodyman, Taylor McFerrin, e DJ Mitsu the Beats. Este disco levou o directo da banda de James a un novo territorio, e incluía unha versión soul/hip hop do clásico do R&B "Save your Love for Me". A xira de presentación incluíu trinta países, participando en festivais tan importantes como os de Montreal, Ancienne Belgique, Melkweg e ata unha actuación no mesmísimo Lincoln Center.

Xa na discográfica Verve/Universal, o terceiro álbum de estudio de José James titulouse "For all we Know" e editouse no selo "Impulse!", baixo o que tamén gravara a maioría dos seus traballos John Coltrane. Este disco gravouse ao longo dun só día nos "Galaxy Studios" de Bélxica e é un álbum de standards de jazz a dúo co pianista Jef Neve. Profundo e atemporal, foi galardoado co "Edison Award" e o "L'Academie du Jazz Grand Prix", en ambos os casos como mellor disco de jazz vocal do ano 2010. Ata a data, este é o seu proxecto máis íntimo. Con el encheu ás máis afamadas salas de concertos como a Olympia ou o Royal Festival Hall e participou en importantes citas do jazz internacional como o Umbria Jazz Festival ou o Cotton Club de Toquio.

A colaboración entre James e Jef Neve continuou cun ambicioso proxecto de música en directo que chamaron "Facing East: The Music of John Coltrane". Concibido e dirixido por James, "Facing East" fixo o seu debut mundial no Ancienne Belgique de Bruxelas e tivo continuidade no North Sea Jazz Festival, no Nice Jazz Festival, no New Morning e no Ronnie Scott's.

Como artista invitado, José James prestou a súa voz en gravacións doutros músicos como Junior Mance, Chico Hamilton, Nicola Conte, Bassment Jaxx, Jazzanova, Toshio Matsuura, J.A.M., DJ Mitsu the Beats, Timo Lassy, Taylor McFerrin e Flying Lotus.

Proxectos recentes inclúen actuacións con Wynton Marsalis e coa Orquestra de Jazz do Lincoln Center no seu tributo a Billy Strayhorn, e tamén en xiras internacionais acompañando ao mítico McCoy Tyner na súa homenaxe á música de John Coltrane e Johnny Hartman.

Neste momento traballa no seu último disco, posiblemente xa editado para os días do noso Festival.

LUNS 25 ÁS 22:30 H.
PRAZA DA FERRARÍA

STEFANO DI BATTISTA



Stefano Di Battista: saxo
Franck Agulhon: batería
Francesco Puglisi: baixo
Fabio Zeppetella: guitarra
Roberto Tarenzi: piano

Nacido en Roma en 1969, comezou a tocar o saxofón á idade de 13 anos. Por esa época o son de *Art Pepper* fíxolle non só descubrir o jazz, senón que lle espertou por este estilo de música unha paixón que xa nunca perdería.

Algo máis tarde coñeceu ao que sería o seu mestre, o lendario saxofonista alto Massimo Urbani, quen lle ensinou, sobre todo, a enerxía, a xenerosidade, o psicolóxico e o espiritual da música.

O ano 1992 foi un punto de inflexión na súa carreira. Actuou no “Calvi Jazz Festival”, e alí coñeceu ao músico francés Jean-Pierre que o invitou a actuar en París, cidade que o marcou xa para o resto da súa vida, pois en canto chegou alí dixo sentirse coma se nacesse na capital francesa.

Dende 1994 empezou a actuar regularmente nun dos máis importantes clubs da cidade do Sena, o *Sunset*. Alí compartiu escenario con Aldo Romano, Stéphane Huchard e Michel Benita. Tamén empezou a colaborar con outros músicos de renome, como Jimmy Cobb, Walter Booker, Nat Adderley ou Michel Petrucciani, que o fichou, xunto ao trompetista Flavio Boltro, para o seu novo sexteto.

En 1997, gravou para o prestixioso selo “Blue Note” o seu primeiro disco como líder, un disco que levou como título *Volare* e que foi nomeado aos premios “Victoire de la Musique” dese mesmo ano.

En 1998, de novo para “Blue Note”, editou o seu seguinte disco, *A primeira vista*, co seu máxico quinteto formado por Flavio Boltro á trompeta, Eric Legnini ao piano, Rosario Bonaccorso ao contrabaixo e Benjamin Henocq á batería.

O seu terceiro álbum foi gravado en Bruxelas en tan só dúas xornadas, entre o 3 e o 4 de xullo de 2000. Para esta gravación rodeouse de tres músicos excepcionais: Jacky Terrasson, un pianista cuxo virtuosismo harmonizaba perfectamente co saxofonista, de novo Rosario Bonaccorso ao contrabaixo e o lendario batería habitual de John Coltrane, Elvin Jones, quen quedou tan impresionado coas facultades do mozo Stefano que o contratou para a súa xira mundial “Elvin Jones Jazz Machine”.

En 2003 publicou *Round about Roma*, gravado en formato cuarteto con Legnini, Bonaccorso e Ceccarelli acompañados pola Orquestra Filarmónica Franco Ferrara e baixo a dirección de Carmelo Caruso, en homenaxe á súa cidade natal.

Para Stefano di Battista a música é algo moi aberto, e o seu álbum *Trouble Shootin’* é unha boa mostra diso. Neste traballo alterna períodos e estilos, desde o *frenzied bebop* aos relaxados ritmos da Bossa Nova, e do Jazz Rock psicodélico á sensualidade das orquestras ellingtonianas, utilizando tanto o saxo alto como o soprano. Este álbum foi gravado nun só día en París, e foi producido por Michael Cuscuna, un dos mellores produtores do selo “Blue Note”. A súa estrutura é a dun concerto gravado en estudio, con oito temas orixinais de di Battista e catro versións, para completar doce cancións en total nun traballo no que o propio Stefano di que “por primeira vez aceptei ser guiado [por Cuscuna] durante unha gravación”. En canto ás súas inquietudes, engade que “quero ensinar ao público, a cada persoa en concreto, a revelar as súas motivacións e o que lle dá esperanza”.

Ao longo dos anos, Stefano di Battista cultivou e perfeccionou o extraordinario virtuosismo e xenerosidade nas interpretacións que o fixeron destacar como un dos máis coñecidos músicos na escena internacional da última década. No seu último proxecto, “Woman’s land” (2011), rende tributo a varias mulleres excepcionais cuxa existencia deixou unha pegada indeleble no tormentoso século XX. Neste traballo, di Battista conta musicalmente a historia da actriz italiana Anna Magnani, da cantante norteamericana Ella Fitzgerald, da astronauta rusa Valentina Tereskova e da deseñadora francesa Coco Chanel. Naceu da colaboración co xornalista italiano Gino Castaldo, do diario “La Repubblica”, e é un tributo a mulleres sobresaíntes que ocupan un lugar destacado na historia e no imaxinario colectivo.

PONTEJAZZ 2011

O **Pontejazz** preséntase outro ano máis cun programa moi atractivo que fai do XIX Festival Internacional de Jazz & Blues de Pontevedra o máis completo de todos os festivais deste estilo musical en Galiza.

Queremos comezar salientando que as pontes tendidas nas pasadas edicións a diversos artistas da outra beira do océano Atlántico con concertos, clases maxistras e gravacións de discos con músicos galegos este ano fortalécense achegándonos de volta a Nova Iorque cun concerto único en Europa do **Philip Dizack Quartet**. Todo isto sen deixar de lado os músicos galegos, xa que contaremos co pianista vigués residente en Nova Iorque do **Yago Vázquez Quintet**.

En segundo lugar, o Pontejazz inclúe un Workshop con catro dos músicos máis sobresalientes do jazz neioiorquino como son **Philip Dizack** (trompeta), **Taylor Eigsti** (piano), **Joe Sanders** (contrabaixo) e **Rodney Green** (batería), que farán de Pontevedra o referente do perfeccionamento deste estilo musical. Todo este programa durará unha semana, e fará de Pontevedra unha universidade do jazz.

En terceiro lugar, o **Pontejazz** asenta un ano máis a jam-session no **Náutico** e o jazz pola rúa con **Chivin jazz**, moi necesarios en calquera festival e que permitirán a todos os músicos participar do evento e aos viandantes poder gozar do jazz nas diferentes rúas peonís de Pontevedra.

En resumo, presentamos un programa completo que fai de Pontevedra un ano máis, e xa van dezaioito, a capital galega do jazz.

MÉRCORES 20 DE XULLO ÁS 22:30 H.
PRAZA DO TEUCRO

PHILIP DIZACK QUARTET

Philip Dizack: trompeta

Taylor Eigsti: piano

Joe Sanders: contrabaixo

Rodney Green: batería

Banda liderada polo novo trompetista **Philip Dizack**, con tres das grandes figuras do jazz neiorquino actual, como son o pianista **Taylor Eigsti** (Dave Brubeck, Christian McBride, Joshua Redman, James Moody, Nicholas Payton, Kurt Rosenwinkel, Ernestine Anderson, David Benoit, Gretchen Parlato, Dave Douglas, Esperanza Spalding, Ambrose Akinmusire, Hank Jones, John Clayton, Frederica Von Stade, Christian Scott, Eric Harland, Chris Potter, Lee Konitz, Donny McCaslin, Red Holloway), o contrabaixista **Joe Sanders** (Ravi Coltrane, Herbie Hancock, Jimmy Heath, Wayne Shorter, Dave Brubeck, Mulgrew Miller, Geri Allen, Jeff "Tain" Watts, Karriem Riggins, Nicholas Payton, Roy Hargrove, Gerald Clayton, Geoffery Kezzer, Lionel Loueke, Aaron Parks, Chris Potter, Ambrose Akinmusire, Christian Scott) e o batería **Rodney Green** (Terence Blanchard, Carmen Lundy, Stephon Harris, Charlie Haden, Wynton Marsalis, Ravi Coltrane, Lizz Wright, Terell Stafford, Greg Osby, Ben Wolfe, Christian Mc Bride, Joe Henderson, Diana Krall, George Benson, Nicholas Payton, Cyrus Chestnut, Sadao Watanabe, Antonio Hart, Adam Rodgers, Michael Brecker, Kenny Barron, Marc Cary, Abby Lincoln, Betty Carter, Shirley Scott, Benny Wallace, Makoto Ozone, Wycliffe Gordon, Paula West, Bruce Barth, Peter Cincotti, Andy Bey, Tom Harrell, New York Voices, Herbie Hancock, Dianne Reeves).

Philip Dizack está considerado pola prestixiosa revista de jazz estadounidense DownBeat Magazine coma un dos 25 trompetistas do futuro. En 2007, Dizack compite como o semifinalista máis novo na Thelonious Monk Jazz Competition. Dous anos antes é o gañador máis novo do Carmine Caruso International Jazz Trumpet Competition, do National Trumpet Competition ou do John Coltrane Scholarship. No 2006 grava o seu primeiro traballo discográfico **Beyond a Dream** (Fresh Sound Records) e o DVD **Live in Barcelona - Featuring Greg Tardy**. Tamén forma parte das bandas de Bobby Watson, Eddie Palmieri, Tim Warfield, Greg Tardy, Aaron Goldberg, Dr. Lonnie Smith, Nicholas Payton, etc.

XOVES 21 DE XULLO ÁS 22:30 H.
PRAZA DO TEUCRO

YAGO VÁZQUEZ QUINTET

Yago Vázquez: piano
Rosolino Marinello: saxo tenor
Logan Richardson: saxo alto
Juan Cañada: contrabaixo
Max Gómez: batería

O pianista vigués **Yago Vázquez** é o referente actual do jazz galego en Nova Iorque. Neste concerto presentaranos o seu primeiro traballo discográfico **CHORALE** (free code jazz records) gravado o pasado verán en Pontevedra con músicos como Logan Richardson, Aidam Carroll e Tommy Cranne.

JAZZ POLA RÚA

Mércores 20 ao sábado 23 de xullo de 13 a 14 h. e de 20 a 21 h.
CHIVINJAZZ STREET BAND

JAM-SESSION

Mércores 20 ao sábado 23 de xullo a partir das 12 da noite no Náutico de Pontevedra
(Av. Uruguay)
PEDRO FREIJEIRO TRIO
Pedro Freijeiro: guitarra
Antón Campos: contrabaixo
Emilio Atanes: batería

PONTEJAZZ WORKSHOP

Venres 15 ao martes 19 de xullo de 11 a 14 h. no antigo conservatorio (Afonso XIII)
PHILIP DIZACK
TAYLOR EIGSTI
JOE SANDERS
RODNEY GREEN



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
Concellaria de Festas



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

